



VIAXE A ARXENTINA

■ O Concello de Vedra volve propoñer unha viaxe organizada a Bos Aires para o mes de decembro.

Para poder organizar esta viaxe é preciso conformar o grupo primeiro, con este motivo abrimos prazo para inscribirse as persoas con interese nesta actividade. Rematado este prazo realizaremos unha reunión informativa para pechar os detalles sempre que se reúna un grupo mínimo.

CHAMA AO 981 814 691 ANTES DO 31 DE XULLO!

HORARIO DE VERÁN DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO CONCELLO DE VEDRA

Ata o 15 de setembro a atención ao público será no seguinte horario:
De luns a venres de 9:00 h. a 13:00 h.

PUNTO DE INFORMACIÓN ESPECIALIZADO NO CATASTRO NO CONCELLO DE VEDRA OS SEGUNDOS MARTES DE MES DE 9 A 15 H. NA CASA DO CONCELLO

■ Obxectivos deste punto:

- 1) Subministrar a información catastral ás persoas interesadas, así como cambios de titularidade, altas, reclamacións,... por parte das persoas con titularidade catastral.
- 2) Facilitar información catastral ás persoas interesadas.
- 3) Facilitar información catastral sobre os criterios, módulos, coeficientes e táboas de valoración aplicados ás fincas e aos datos que lles serviron de base.
- 4) Recabar a información e recoller os recursos, altas, cambios de dominio, as reclamacións presentadas polos/as titulares catastrais e os documentos acreditativos da existencia do erro detectado.

XULLO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

AXENDA PARA O MES DE XULLO

- Vedra recibe a proposta “Concertos sonoros” o 26 e 27 de xullo.
- Ponte de verán en Vedra!! Durante todo o mes de xullo... A gozar do verán!!
- ACAMPARTE 2019, do 1 ao 31 de xullo.
- Escola de Verán, do 1 ao 31 de xullo.

CALENDARIO VEDRA FESTEIRA

- Festas do San Pedro en San Pedro de Sarandón, o 29 e 30 de xuño e 7 de xullo.
- Festas en San Xián de Sales do 5 ao 7 de xullo.
- Festas do San Cristovo de Merín o 10 e 13 de xullo.
- Festas patronais en Ponte Ulla o 22 e 23 de xullo
- Festas do Carmen de Trobe o 20, 21 e 22 de xullo.

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- XVII Festival de Bandas de Música do Patio, o 5 e 6 de Xullo.
- Ciclo de Cine de Verán 4X4x4 da Asociación Senunpeso.
- Festa Do Escalo en Agronovo, o 14 de xullo.



VEDRA ACOLLEU A MOBILIDADE DO PROXECTO EUROPEO ERASMUS + YOUTHNEST.CREA NO MES DE XUÑO

■ Dende o día 14 ao 26 de xuño no concello de Vedra tivemos a oportunidade de compartir experiencias e outras culturas no marco da mobilidade do proxecto europeo Erasmus + YouthNest.crea: incubadora transnacional de emprendemento creativo no rural europeo. Durante estes días 13 mozos e mozas procedentes de 5 países europeos compartiron tempo de formación en emprendemento, ocio e convivencia. Os primeiros días tiveron a oportunidade de coñecer experiencias de éxito emprendedor en Vedra e concellos limítrofes, visitas a Lámpadas Arturo Álvarez, Galician Original Drinks ou Eferro foron especialmente proveitosas para estes mozos, todos eles procedentes de territorios rurais e que puideron comprobar que dende o rural tamén se pode emprender.

Para completar o amplo programa de formación en temáticas relacionadas co marketing, emprendemento, innovación social, etc. tamén tivemos tempo para a diversión con actividades de piragüismo en Agronovo, San Xoán na parroquia de San Miguel ou para o turismo con visitas a Fisterra, Ourense e por suposto, a Vedra e todos os seus fermosos recunchos.

Simultaneamente a esta experiencia, os participantes de Vedra visitaban Leeward (Países Baixos) e Capannori (Italia) para formarse no marco do mesmo programa.

Esperamos que esta etapa final do proxecto YouthNest.crea sexa o comezo dun camiño cara o fomento do emprendemento xuvenil no rural.

Dende o Concello de Vedra queremos dar as grazas a todas as entidades e persoas que colaboraron durante a mobilidade do proxecto, aos rapaces e rapazas que nos visitaron dende Eslovaquia, Irlanda do Norte, Italia, Portugal e Países Baixos e, especialmente, aos nosos participantes: Aitor Buján, María Valdés, Miguel Álvarez, Xes Clavijo, Alberto Lorenzo, Miguel Gómez e Nerea Teixeira.





Fin de curso das Escolas de Xadrez.



Escola do móbil na Terceira Idade.



Excursión en Catamarán pola ría de Arousa.



Festival Fin de Curso Maiores.



Sardiñada Terceira Idade.



Viaxe a Estremadura da Terceira Idade.



Curso DJ.



Curso de primeiros auxilios na infancia.



Obradoiro de globoflexia no Posta a Punto.



Presentación do libro Calas Blancas da vedresa Emily Rodríguez Santos.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Excursión da Asociación San Campio á Ronda das Adegas en Miranda do Douro.



Xogo de Peñas.

Ponte de Verán

Goza do verán, das vacacións, do bo tempo, das festas... e das propostas que chegan a Vedra!!

Toda a información relativa na nosa páxina web:
www.concellodevedra.com.

PISCINA MUNICIPAL TEMPADA 2019

HORARIO:

De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.
Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21:00 h.

En caso de mal tempo as instalacións
permanecerán pechadas!

ACTIVIDADES ACUÁTICAS

As tardes dos luns, martes, mércores e xoves do 1 de xullo ao 1 de agosto.

- Natación iniciación acuática
- Natación iniciación I
- Natación perfeccionamento I
- Natación iniciación II
- Natación perfeccionamento II
- Natación iniciación persoas adultas
- Natación perfeccionamento persoas adultas

Consulta os horarios e inscíbete na propia piscina municipal.

ALUGUER DE PIRAGUAS NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

Durante os meses de xullo e agosto, todos os sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas mediante o seu aluguer a un prezo de 3 €/ hora.

Non perdas a ocasión de realizar esta actividade que che permita gozar da paisaxe ao mesmo tempo que practicas deporte!



A data límite para inscribirse remata o 27 de xuño, as incorporacións posteriores a esa data deberán esperar 7 días para iniciar a actividade. Isto é debido a que a Lei 13/2015 de 24 de decembro obriga a que as actividades deportivas deben estar cubertas por un seguro de accidentes específico ademais do seguro de responsabilidade civil.

PREZOS:

Cursos para menores de 14 anos:
7 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Cursos para maiores de 14 anos:
13 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Para a inscrición en calquera destas actividades é imprescindible ter un abono na piscina municipal de Vedra para a tempada do verán 2019.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NA PROPIA PISCINA MUNICIPAL OU NO SEU TELÉFONO 653 13 13 44.

DINAMIZA PISCINA 2019

Durante o mes de xullo a piscina municipal acollerá o servizo de DINAMIZA PISCINA

EN HORARIO DE LUNS A VENRES DE 16 A 19 HORAS

Unha iniciativa realizada a través de voluntariad@ xuvenil

Trátase dunha acción que combina ocio + actividades de lectura para toda a familia dentro do espazo da piscina municipal

Achégate, infórmate e GOZAA

Ponte de Verán

LUDO VERÁN
VIVIMOS UN VERÁN MEDIEVAL
EN HORARIO DE LUNS A VENRES
DE 8:30 A 14:30 HORAS

Actividades programadas para o mes de Xullo:

1ª semana de Xullo: conformaranse equipos que terán que construír un cabalo de Atila, un escudo, unha espada, elaborar a vestimenta, elixir cabaleiras/os, etc, xogos de coñecemento.

2ª semana de Xullo: saímos en busca de aventuras e tesouros, elixirán a súa cidadela para gardar os tesouros máis prezados xogos de cooperación. Comezaremos a construír fortes para facernos "fortes" e aprender a ser persoas solidarias.

3ª semana de Xullo: Safari fotográfico medieval. Actividade de descuberta no concello para descubrir a nosa contorna e a nosa historia.

4ª semana de Xullo: Venres 26: Excursión ao Castelo de Vilasobroso onde nos espera unha ruta medieval.

O resto do mes dedicarémolo a diferentes xogos e talleres:
+INFORMACIÓN NO TELÉFONO 699 041 486 OU NO
ENDEREZO ELECTRÓNICO
carmen.sabio@concellodevedra.com



PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NO VERÁN

Os meses de xullo e agosto, o concello de Vedra volverá contar cun punto de atención e información turística que estará na Casa Reitoral de Ponte Ulla.

Na **Casa dos Peóns** contarase cun dispensador de folletos de información e de promoción turística do concello, e ademais, todos os establecementos hostaleiros, contarán con material de promoción do concello.

Para calquera dúbida ou consulta, dirixirse ao teléfono: 669 450 804.

GOZA DO ULLA

Goza do Ulla en Vedra o domingo 4 de agosto.
Ruta San Xoán da Cova.

Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla aproveitando camiños de paso de sendas de pescadores (Rede Natura). No seu percorrido atopámonos con numerosos puntos de interese: o pobo de Ponte Ulla coa súa igrexa, o Muíño de Reboredo, a Área de Recreo de Agronovo, o Couto de Ximonde coa súa Ponte Colgante,...

Punto de encontro: Área de Recreo de Cubelas (9:30 h.)
42°44'45"N 08°28'19"W para deixar os coches e subir en autobús ata o punto de saída.

Saída ás 10:00 h. do Miradoiro de Gundián 42°47'07.1"N 8°23'42.6"W

Prazo de inscrición aberto **ata o día 1 de agosto.**
+ Información e inscricións **para o xantar na Festa do Chourizo que se celebra ese mesmo día na Área de Recreo de Cubelas** 981 814 691 ou en casadospeons@concellodevedra.com

Ruta de San Xoán da Cova

Distancia: 12,6 Km.
Dificultade: media.



Domingo 4 de agosto

Punto de encontro: Área de Recreo de Cubelas (9:30 h.)

42°44'45"N 08°28'19"W

para deixar os coches e subir en autobús ata o punto de saída

Saída ás 10:00 h. do Miradoiro de Gundián

42°47'07.1"N 8°23'42.6"W

+ Información e inscricións para o xantar na
Festa do Chourizo que se celebra ese mesmo día na
Área de Recreo de Cubelas

981 814 691 – casadospeons@concellodevedra.com



www.concellodevedra.com



Ponte de Verán

SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT

Destinatarios:

O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idade comprendidas entre os 16 e os 18 anos, poderán gozar do servizo previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

Horario e lugar do servizo de aluguer de bicicletas:

Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos PUNTOS DE INTERMEDIACIÓN DO ALUGUER DE BICICLETAS:

- Bar Quenllas: R/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. [42.776649, - 8.424904] Tfno.: 981 512 452
- Bar Barreiro: Cibrán nº9, San Xián de Sales. [42.814694, - 8.511153] Tfno.: 981 511 508
- Ou chamando ao 981 814 612 concello de Vedra.

Disponibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

Declaración de alta como usuario:

Os interesados en gozar do sistema de aluguer de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprir unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

Custe do servizo:

O custe do servizo é de 3 euros, co límite de tempo fixado (6 h).

Xestiona o servizo: Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns"



LEMBRA QUE DURANTE OS MESES DE VERÁN AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DESCANSAN...

Deporte

HORARIO DE VERÁN NO PAVILLÓN MUNICIPAL E ALUGUER DE PISTA

■ Nos meses de verán o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal que pasará a ser de 19:00 h. a 23:30 horas. Neste horario tamén podes alugar por horas a pista central, recorda que é preciso facelo cunha antelación de 7 días. A reserva de horas farase directamente a través da aplicación que está aloxada na páxina web do Concello: <https://www.concellodevedra.es/gl/content/deportes>.

Os clubs e equipos federados que desexen solicitar o aluguer anual da pista do polideportivo municipal de Vedra para as súas actividades na tempada 2019-2020 poderán facelo ata o 19 de xullo nas propias instalacións do pavillón.

SENDEIRISMO CAMIÑO MIÑOTO RIBEIRO

■ O grupo de sendeirismo DESCANSA NO VERÁN!! No boletín do mes de setembro anunciaremos a súa seguinte etapa que se realizará xa no mes de outubro.



CAMIÑOS SONOROS EN VEDRA. 26, 27 E 28 DE XULLO

■ Trátase dun proxecto avalado pola Xunta de Galicia que fomenta a cultura e o turismo a través dunha serie de concertos de música clásica a cargo de xoves prodixios, ao longo de lugares excepcionais da Vía da Prata.

Como non, Vedra tiña que estar incluída nesta proposta que nos deixará 3 citas imprescindibles neste mes de xullo!!

NON FALTES!!



Vedra

26 Xullo
21:00h.
Nave Multiusos
Estación de Tren
Miguel Coamaño Martínez, piano

27 Xullo
21:00h.
Capela do Santiaguíño
Víctor Gómez Iglesias, trombón
Dario Neiro Midón, trompa
Carlos Rodríguez Fernández, xacometo
Dario Enjo Pérez, xacometo

28 Xullo
20:00h.
Pico Sacro
Martín Malleiro Díaz, acordeón
Fernando Estévez Rodríguez, clarinete - percusión
Nadia Vázquez Martínez, gaita

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

Medio Ambiente

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ Lembra que o concello de Vedra segue a ofrecer o servizo de recollida de voluminosos porta a porta nun esforzo máis para axudar na reciclaxe, e sobre todo, evitar os vertidos incontrolados.

Datas de recollida: O primeiro e terceiro venres de mes en horario de mañá.

Teléfono ao que chamar: 981 571 241 (Ext. 100).
As solicitudes atenderanse ata as 17:00 h. do día anterior a cada recollida.

Recorda que tamén os podes achegar ata o **Punto Limpo** que abre os martes de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h e os sábados de 10:00 a 14:00 h.

Educación

VEDRA MEDRA DESPÍDESE PRESENTANDO A APP "BÓTAME UN CAPIO"

■ O CPI de Vedra presentou entre o alumnado da ESO o pasado 11 de xuño a App "Bótame un capio". Esta ferramenta colaborativa nace coa finalidade de recuperar parte do vocabulario tradicional de Vedra e da Ulla que non forma parte dos dicionarios ou que presenta acepcións distintas ás que estes inclúen.

"Bótame un capio" é unha expresión que os vedreses utilizaban cando demandaban axuda e que fixemos nosa para denominar esta App. Con ela queremos solicitar a colaboración do noso alumnado e a de toda a comunidade educativa e a veciñanza nun labor que consideramos tan urxente como necesario, o da recuperación dun léxico relacionado coa nosa cultura tradicional agora parcialmente esquecido.

Do deseño e montaxe da App encargouse un pai, José Mejuto, e da parte lingüística a profesora Xulia Marqués, coordinadora do proxecto Vedra medra, no que pasará a integrarse. Pódese descargar indo a: <https://play.google.com/store/apps/details?id=org.consultem.app.capio>

Vedra medra remata así as actuacións de dinamización que levou a cabo este 2018-19 e colle folgos para comezar setembro con novas propostas.

Moitas grazas a todos os que nos acompañastes e fixestes posible que seguísemos fortes nese nobre empeño de achegar ás nosas aulas **UN PATRIMONIO VIVO**!!



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES ASASINADAS ANO 2019

32



Estas son as 1.000 mulleres que nos faltan

Beatriz • Lisbete • Piedad • Liliun • Lourdes • Juana • Shylvia • Irene • María • Nelea • Desconocido • María • MaríaJosé • Gloria • Estrella • Sheila • Daría • RosaMaría • Kelly • Rosa • Rebeca • Soledad • Desconocida • Leonor • Rebeca • Laura • Sacramento • Rokhaya • AnnaMara • MaríaJosé • Fátima • Yolanda • Lola • Eva • Yésica • Jhoesther • Desconocida • Sara María de los Ángeles • Nuria • Maguette • Manoli • Aicha • Mari Paz • Leyre González • Ana Belén • MaríaEstela • Natalya • Ivanka • Martha Josefina • María Isabel • Cristina • Alí • María Judith • Maríalsabel • María Soledad • Josefa • Francisca de Jesús • María Magdalena • Raquel Díez • María del Mar • Patricia • Doris • María José • Silvia • María Paz • Dolores • María del Carmen • MariadelPilar • MaríaAdela • Jéniffer • Celia • Paula • Yurena • MªVictoria • Andra Violeta • Rosa • MªdelRosario • Raquel • Eliana • Susana • Valentina • Beatriz • MªCarmen • Irina • MªRaquel • Andrea • Kenya • Arantxa • Lilibet • Jessyca • Maya • Katharina • Maricica • Felicidad • Sharita • Ana Belén • María • Mª del Pilar • Rosa Mª • NoeliaNoemí • AnaBelén • Catalina • MªSofía • Encarnación • Encarnación • Fadwa • ErikaLorena • AnaMª • Aramis • Cristina • Carmen • Laura • AnaBelén • Margaret • GloriaAmparo • Dolores • desconocida • LeydiYuliana • MatildeTeresa • Lucía • moitas máis.....

■ Xa son 1 .000 mulleres as que foron asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas desde o ano 2003. Ou o que é o mesmo, son 1.000 homes os que mataron ás súas parellas desde que empezou a correr o contador.

A administración realiza un recuento oficial dos casos desde xaneiro de 2003, momento no que entrou en vigor a Lei contra a Violencia de Xénero. Este rexistro tan só ten en conta os asasinatos ocorridos no ámbito da parella. Así pois, calquera outra forma de asasinato machista, como é o caso de Diana Quer, Marta del Castillo ou Laura Luelmo, non se inclúe no recuento oficial do ministerio.

O Convenio de Istambul primeiro, ratificado por España en 2014, e despois o Pacto de Estado aprobado en 2017, obrigan a ampliar a recollida de información a outras formas de violencia machista, á violencia sufrida pola muller polo feito de selo. Datos sobre violacións, acoso sexual, trata, mutilación xenital ou matrimonios forzosos que agora non se inclúen porque a lei integral limita a estatística ao ámbito da parella.

A violencia machista reside nun comportamento social difícil de corrixir só con leis.

É un problema estrutural, e para cambialo hai que facelo desde todas as áreas da vida. Xa sabemos que a mellor maneira de contrarrestar a violencia machista é previla, indo á raíz e ás causas estruturais.

A prevención debe comezar nas primeiras etapas da vida, mediante unha educación dos nenos e nenas que promova as relacións de respecto e a igualdade de xénero.

O traballo coa mocidade é a mellor opción para lograr un progreso rápido e sostido, pois trátase dunha época crucial durante a cal se forman os valores e normas relativas á igualdade de xénero.

Pero non só educan os colexios e as familias, os medios de comunicación, a televisión, internet e os vídeo xogos teñen unha influencia atroz nas persoas novas.

Estes medios, na súa gran maioría, son machistas, moi machistas, denigrando ás mulleres a meros obxectos sexuais, creando estereotipos de xénero en homes e mulleres, e así, non conseguiremos unha sociedade igualitaria, onde ser muller non reste dereitos.

O Programa MULLERES+ é un programa para a promoción da igualdade e autonomía e prevención da violencia de xénero. O programa artículase arredor dos seguintes obxectivos xenéricos:

- Potenciación das propias capacidades.
- Empoderamento e participación comunitaria.
- Mellora da calidade de vida.
- Igualdade e exercicio de dereitos.

O programa Muller+ ten como obxectivo a mellora das habilidades sociais, autoconcepto, autoxestión e exercicio de dereitos e a participación de mulleres en situación de vulnerabilidade. A organización en bloques temáticos conta coa flexibilidade suficiente para, por unha parte, dar resposta a necesidades comúns das mulleres participantes, e polo outro, atender ás peculiaridades de cada unha delas, superando así unha estrutura ríxida de tipo “curricular” para configurarse máis como unha estrutura de apoios ao desenvolvemento e crecemento persoal.



“ENREDADAS NOS FEMINISMOS” ACTIVISMO E O PAPEL DAS MULLERES NA TRANSFORMACIÓN SOCIAL

■ Comezamos os talleres nas parroquias do concello de Vedra onde se traballa o apoderamento da muller rural, a construción dunha identidade colectiva, a importancia do asociacionismo, a igualdade de oportunidades, prevención da violencia de xénero, fomento do autoemprego e o cooperativismo.

Tamén abordaremos a formación en novas tecnoloxías para a adquisición de competencias que minguen a fenda dixital que permita estar presentes e participar activamente nesta sociedade global.

Contidos da formación:

1. Introducción ao activismo social, feminismo e perspectiva de xénero (desaprender o aprendido).
2. Historia do feminismo.
3. As asociacións de mulleres e o seu papel trans-

formador.

4. Perspectiva de xénero e igualdade de oportunidades.
5. Dinamización e activismo social.
6. Acción local e transformación global.
7. O público e o privado: unha mirada feminista da nosa identidade

Para máis información poñerse en contacto no tel. 699 041 486 ou no enderezo electrónico: carmen.sabio@concellodevedra.com



Servizos Sociais



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Horario do Centro Social nos meses de xullo e setembro:**
De luns a sábado de 19:00 h. a 23:00 h.
Pechado o último sábado de cada mes e os festivos.
O centro permanecerá pechado no mes de agosto.

Programación mes de xullo

- **Luns de Xogos Populares**
Os luns a partir das 20:00 h.
Os/as interesados/as deberán inscribirse na cafetería do centro.
- **Excursión á praia - “Pulpada campestre” Ponteceso - praia de Balarés**
Martes 16 de xullo.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas-
Programa: Preténdese que este sexa un día de diversión e confraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas zonas de sombra... Pola mañá visitaremos lugares de interese da zona. Pola tarde praia. (O prazo de inscrición ábrese o sábado 6 de xullo de xeito presencial na cafetería do centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asiento adxudícanse por orde de inscrición).

- **Bingo Especial de Verán**
Martes 23 de xullo ás 20:00 h.

Cursos xullo e setembro

- **Obradoiro de cadros tridimensionais (NOVO):** os luns de 19:00 a 21:00 h.
 - **Obradoiro de pintura en roupa (Gratuito):** os martes de 19:00 a 21:00 h.
 - **Obradoiro de decoración en caixas (NOVO):** os mércores de 19:00 a 21:00 h.
 - **Bailoterapia:** 5€ por cada mes. Os xoves de 19:00 a 20:00 h.
 - **Hipopresivos:** 5€ por cada mes. Os xoves de 20:00 a 21:00 h.
- Previa inscrición e pagamento.

CICLO 4x4 da Asociación Senunpeso. Cine de verán 2019 en Vedra. 4 parroquias * 4 filmes

■ **Organiza:** Asociación Senunpeso
Colabora: Concello de Vedra / Deputación da Coruña / A. C. Papaventos

Venres 5 de xullo. 22:30 h.
San Mamede de Ribadulla.
Campo da festa (Se chove, no local do campo da festa)
Santoalla

Martin Verfondern e Margo Pool, unha parella de holandeses que soña con vivir na natureza, acábanse asentando nunha pequena e remota aldea de Ourense practicamente abandonada. A súa chegada desafiá as tradicións da única familia nativa e desencadea un conflito que culminará coa misteriosa desaparición de Martin.

2016. Documental. 83 min. Dirección: Andrew Becker e Daniel Mehrer. Coa colaboración da Asociación de Veciños San Blas.

Venres 12 de xullo. 22:30 h.
San Pedro de Sarandón. Campo da festa. (Se chove, no local multiusos)
Eduardo Barreiros, o Henry Ford galego

Eduardo Barreiros é un galego de orixe humilde que consegue montar un imperio empresarial coa transformación dos motores de gasolina en diésel. Grazas á súa curiosidade e á súa incansable determinación crea unha xigantesca corporación automobilística que desafiá o monopolio do estado franquista.

2011. Drama. 90 min. Baseado en feitos reais. Dirección: Simón Casal. Con: Manuel Regueiro, Christian Escuredo, Manolo Solo, Julio Pereira, Denis Gómez, María Tasende, Alfonso Agra, Tamara Canosa... Coa colaboración da Asociación de Veciños de San

Pedro de Sarandón.

Venres 19 de xullo. 22:30 h.
San Xián de Sales. Campo da festa (Se chove, no local do campo da festa)
A sombra da lei

No ano 1921, España vive un momento caótico de enfrontamentos entre matóns e anarquistas mentres que os negocios ilegais florecen á sombra. Neste ambiente envían ao axente Aníbal Uriarte a Barcelona para deter os ladróns dun tren militar. Alí coñecerá a Sara, unha moza loitadora con quen desenvolverá un vínculo especial.

2018. Drama. 126 min. Dirección: Dani de la Torre. Con: Luis Tosar, Michelle Jenner, Vicente Romero, Ernesto Alterio, Paco Tous, Manolo Solo... Coa colaboración da Asociación de Veciños Unión e Progreso de San Xián de Sales.

Sábado 20 de xullo. 22:30 h.
A Ponte Ulla. Campo da festa (Se chove, na antiga casa reitoral)
Os fillos do sol

En plena posguerra, catro visionarios logran crear unha das empresas farmacéuticas máis importantes do século XX: os laboratorios Zeltia. Alí o científico Ferran Calvet poderá aplicar todos os seus coñecementos técnicos logo de ser apartado da docencia na Universidade de Santiago de Compostela polo goberno franquista.

2017. Drama. 88 min. Baseado en feitos reais. Dirección: Ramón Costafreda e Kiko Ruiz Claverol. Con: Pablo Derqui, Xosé Barato, Vicky Luengo, Tamar Novas, Xúlio Abonjo, Víctor Duplá, Roser Tapias, Celso Bugallo, Clara Segura, Manolo Cortés... Coa colaboración da Asociación de Veciños Virxe do Gundián.

XVII FESTIVAL DE MÚSICA DO PATIO. O 5 E 6 DE XULLO

■ A Banda de Música de Santa Cruz propón un ano máis esta cita coa música que non te debes perder!! Nesta ocasión cun reclamo moi especial como é a velada musical do venres 5 de xullo que protagonizará a propia banda de música de Santa Cruz de Ribadulla coas corais polifónicas de Santa Cruz, de Berres (A Estrada) e de Bugallido (Ames) e a coral da terceira idade de Vedra. Máis de 200 voces e música, encherán o Pazo de Ortigueira.

Venres 5 DE XULLO 22:15 h.
COROS E BANDA
VELADA MUSICAL ENTRE AMIGOS NO PATIO
Coral da terceira idade de Vedra, Coral polifónica de Santa Cruz de Ribadulla, Coral polifónica de Berres (A Estrada), Coral polifónica de Bugallido (Ames) conxuntamente coa Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla interpretando coñecidos fragmentos de Zarzuela e Música Galega

Sábado 6 DE XULLO 19:30 h.
Banda de Música Municipal de Agolada
Director: Miguel Adrián Pazo Alonso
Banda Unión Musical de Meaño
Director: Diego Javier Lorenzo López
Ganadora FLISCORNO D'ORO (Riva del Garda) Italia
Primer Premio Sección Superior
Primer Premio Fliscorno de 4 Oros e mellor Banda de todo o Continente.
Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla
Director: José Rodríguez Ramos
Ganadora: XII Certamen Galego de Bandas de Música
Primer Premio Sección Segunda

FESTA DO ESCALO EN AGRONOVO. O 14 DE XULLO

■ Un ano máis a Asociación Amigos do Escalo presenta unha xornada diferente, familiar e moi divertida!! Non te perdas esta cita que ademais conta co marco incomparable da Área de Recreo Agronovo!

XX FESTA DO ESCALO
Santa Cruz de Ribadulla
AREA RECREATIVA AGRO NOVO
DOMINGO 14 DE XULLO
XX CONCURSO DE PESCA DO ESCALO NO ULLA
Inscripción gratuíta no lugar da festa ata as 9:30 h. da mañán
(Título de información: 678 458 673)

As 13:30 h. **PREGÓN** a cargo de Emily Rodríguez Santos (Autora da novela "Calas Blancas")

Sesión vermú e tarde amenizadas por
DUO ALBA DO CAMPO
EXRECANTAREIRA DO "LUAR"

CHARANGA O RECOBIO DE BALMONDE

Haberá **DESUSTACIÓN** de escalas, pementos, torresmos e pan de mullor. Posto de pulpeiro co servizo de J. Guerra

Haberá **HINCHABLE GRATUITO** para todos os nenos/as que veñan a festa e pola tarde haberá **PIRAGUAS**

ENTREGA DE TROFEOS a partir das 19:00 h.
NOTA: O LUGAR DA FESTA ESTARÁ DEBIDAMENTE SINALIZADO

ORGANIZA: **COLABORA:**

SOCIEDADE DE PESCA DEPORTIVA "AGRONOVO" Concello de Vedra



AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA POLO SEU DOBRE ASCENSO A SEGUNDA DIVISIÓN DA LIGA NACIONAL DE TRIATLON

■ O equipo feminino proclámase subcampión de España en terceira división e o masculino é bronce, logrando así o ascenso á Liga Nacional de Triatlón facendo así pleno para 2020

Facemos crónica dunha xornada histórica a protagonizada o 22 de xuño en Boiro polo club Olímpico de Vedra ao lograr por primeira vez o ascenso a Segunda División do equipo feminino e o retorno un ano despois do seu descenso do equipo masculino. Deste xeito o club Olímpico de Vedra será un dos únicos 3 equipos galegos, xunto con Cidade de Lugo Fluvial e Arcade de Santiago con pleno de representación nas 4 ligas nacionais: dúatlon e triatlón masculino e feminino. Complétase así unha tempada de rotundo éxito para o Olímpico de Vedra, que se iniciaba a nivel organizativo coa celebración do Ocean Lava Galicia no mes de marzo, medrando ano a ano e por sexto ano consecutivo o dúatlon autonómico con maior participación; proseguía no mes de abril coa permanencia dos equipos masculino e feminino na 2ª División da Liga Nacional de dúatlon e complétase no mes de xuño co dobre ascenso masculino e feminino a 2ª División da Liga de

Triatlón. Un fito histórico, o de ter 4 equipos á vez, que soamente lograron ate o momento 3 equipos galegos, un deles o Olímpico de Vedra. Unha fazaña que ten máis valor se cabe, pois máis do 60% dos equipos de alto nivel do club foron formados/as nas categorías de base do club. Sen dúbida, unha nova páxina que quedará escrita con letras de ouro na historia do Olímpico de Vedra e do deporte vedrés. Parabéns!

...E tamén parabéns a Xián Castro!

Triatleta do Olímpico de Vedra que ademais de ser parte activa no ascenso do equipo absoluto á Liga de Triatlón e na permanencia do de dúatlon, conquistou a medalla de bronce no campionato galego de dúatlon cadete.



Vedra Festeira



SAN PEDRO DE SARANDÓN
VEDRA - 2019

Sábado 29 XUNO
Misa solemne de 12:00h. na igrexa de San Pedro.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
LA DÉCADA PRODIGIOSA
e Chirriola e Chirriola a Chirriola e Chirriola.

Domingo 30 XUNO
Misa solemne de 12:00h. na igrexa de San Pedro.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
KALIMA 3.0
e Chirriola e Chirriola a Chirriola e Chirriola.

Domingo 7 XULLO
Misa solemne de 12:00h. na igrexa de San Pedro.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
MONIFATE
e Chirriola e Chirriola a Chirriola e Chirriola.

FESTAS PATRONAIS EN PONTE ULLA O 22 E 23 DE XULLO.

O 22 o mediodía actuación da Banda de Sta. Cruz e pola noite un grupo e un DJ. O 23 sesión vermú e verbena coas bandas de Sta Cruz e Ponteledesma

SAN XULIÁN DE SALES
VEDRA - XULLO 2019

VENRES 5
Gran Verbena a cargo de:
GRUPO UNIÓN Y FUERZA
ORQUESTA COSTA DORADA

SABADO 6
A las 12 h. misa solemne na igrexa de San Xulián de Sales.
Actuación dos pandeiros de ULLA e ULLA.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
GRUPO CICLÓN e
ORQUESTA CALIFORNIA SHOW

DOMINGO 7
A las 12 h. misa solemne na igrexa de San Xulián de Sales.
Actuación dos pandeiros de ULLA e ULLA.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
TRÍO J. B. SON

SAN CRISTOVO DE MERÍN
FESTAS PATRONAIS OS DÍAS 10, 13 E 14 DE XULLO

martres 10
A las 22:00 horas:
Misa na igrexa de San Cristovo. procesión e bendición de todo tipo de vehículos no Campo da Festa.
Haberá **Pulpeira do Carballiño** (Pulpería Fuchela do Carballiño) e actuación de:
Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla

sábado 13
Día do Santísimo
Misa as 12:30 horas
Sesión vermú con:
A Gaita de Sarandón (Inequinteiros da Vila)

domingo 14
Día do Carmen
Misa as 10:00 e as 12:30 h.
Sesión vermú coa **Trío Phantom**
Polo tarde a partir das 18:00 h.
Xogos para nenos e nenas e bicheiros
e a actuación de **Trío Phantom**

Sesión de fogos de artificio
a cargo da Protección Civil de Vedra.

TROBE VEDRA 2019
Gran Verbena a cargo de:

Sábado 20 XULLO
Misa solemne de 12:00h. na igrexa de San Pedro.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
ELITE OBICE
Poderedes disfrutar dunha noite pulpeira con **PULPERÍA GUERRA**

Domingo 21 XULLO
Misa solemne de 12:00h. na igrexa de San Pedro.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
STA. CRUZ DE RIVADULLA
UNION MUSICAL PONTE LEDESMA

Luns 22 XULLO
Misa solemne de 12:00h. na igrexa de San Pedro.
Sesión vermú coa Chirriola e Chirriola.
IBIZA
GRAN PARADA
HABERÁ APARCADO GRATIS OS TRES DÍAS

SUCAL SANTIAGO MULTISERVICIOS
Café Bar A DORNA
Cafés de conxunto
TROBE - VEDRA
Telfs.: 636 396 440 - 649 291 673

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.